

Sabes que é e como funciona BookCrossing?

BookCrossing é un grupo de lectura que non coñece límites xeográficos. O seu obxectivo é converter o mundo enteiro nunha biblioteca. BookCrossing é un intercambio de libros de proporcións infinitas.

Para iso só tes que achegarte ao noso punto BookCrossing na entrada do noso centro e escoller un dos exemplares para levar a casa. Unha vez lido vólvelo a liberar nun espazo público.

Se queres desfacer-te dos libros que tes na túa casa que che gustan pero que xa non queres gardar? BookCrossing é a práctica de deixar libros en lugares públicos para que calquera lector poida recollelos, ler e poñer de novo en circulación. A plataforma BookCrossing.com ofrece un xeito sinxelo de compartir libros co mundo e seguir o seu camiño para sempre.



Read (Le) un bo libro

Register (Rexístrao) na plataforma cos teus comentario, consegue un BCID (Número de IDentificación BookCrossing), e etiqueta o libro. (Se o necesitas, axudámoste dende a biblioteca.)

Release (Libérao) para que o lea alguén máis (tráeno a o noso punto de BookCrossing, dálo a un amigo, déixao nun banco do parque, tráeno a biblioteca escolar, “esquéceo” nunha cafetería, etc.), e notificaráseche vía e-mail cada vez que alguén vaia á plataforma de Bookcrossing e faga unha entrada no diario para ese libro. E se escribes notas de liberación sobre o libro, outros poden [Ir de Caza](#) e intentar atopalo!

Como podes participar e facer BookCrossing?

1. Entra en www.bookcrossing.com e date de alta como usuario.
2. Pica na pestana de libros e selecciona “*registrar libro*”.
3. Cumprimenta os datos do libro que queres liberar (título, autor, etc.) para crear un diario ou libro de viaxe do mesmo.
4. Anota no libro o nº de identificación de BookCrossing o BCID. Se o desexas, na biblioteca escolar do IES Vilamarín facilitarémoste unha etiqueta coma esta



5. Libérao na biblioteca ou nun lugar público. Recibirás unha notificación vía e-mail cada vez que alguén entre e escriba unha nota no diario dese libro.

Podes rexistrar e liberar os teus propios libros ou , se o prefires, traelos para que os rexistremos nós e aparezan como liberados na zona BookCrossing do centro. Non dubides en preguntarnos: Nós axudámoste.